

Nota Interpretativa

POLÍGONO 0 en Concentración Parcelaria

Como se informou, as declaracións de parcelas mediante referencias de concentración parcelaria (nas zonas que figuren no Anexo III da Orde de axudas 2016) cruzaranse na aplicación de captura SGA contra as bases de datos oficiais das ditas zonas, que foron subministradas ao FOGGA polo Servizo de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.

Normalmente as parcelas novas no Acordo de concentración parcelaria numéranse desde o 1 ata o final, de tal xeito que un número de parcela determinado existe unicamente nun polígono, polo que cada parcela queda totalmente identificada dando o seu número de parcela aínda que se omita o número de polígono.

Nas bases de datos oficiais que recibiu o FOGGA para todas as zonas da Coruña non figuraba o número de polígono pero, tendo en conta o dito, o FOGGA cargou eses datos no sistema SGA asignando a todas as parcelas de concentración desta provincia o polígono cero. Por conseguinte, **na provincia da Coruña declararanse na SGA as referencias de concentración parcelaria gravando polígono 0 en todos os casos** (e non o polígono que figure na documentación de concentración) e a continuación o número de parcela que corresponda.

Esta mesma situación ocorre **tamén no concello de A Merca (48), de Ourense, na zona de Faramontaos-Proente (1)**. Por conseguinte, deberase actuar na SGA para esta zona do mesmo xeito indicado no parágrafo anterior: gravando 0 en todos os casos.